

Resolución da xerencia do 7 de xaneiro do 2025 pola que se convoca concurso permanente de traslados para a provisión de postos base de persoal laboral, vacantes na Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Existindo postos base vacantes na Relación de postos de traballo de persoal laboral da USC, o xerente no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022 (DOG do 26 de abril) e, de acordo co previsto no artigo 21 do Convenio colectivo para o persoal laboral da USC, informado o Comité Intercentros, resolve convocar concurso para a provisión de postos vacantes que se relacionan no anexo I desta resolución de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- REQUISITOS E CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN

1.1 Poderá participar no presente concurso de traslados, o persoal laboral fixo da USC, que pertenza á categoría profesional e, de ser o caso, á especialidade para a que está definido o posto, calquera que sexa a súa situación administrativa, agás os suspensos en firme e os sancionados con cambio de localidade mentres non transcorra o tempo previsto na sanción. Terá a obriga de concursar aquel persoal que estea ocupando un posto en adscrición provisoria.

1.2 Para poder concursar deberán transcorrer dous anos desde a obtención do último destino definitivo, agás nos supostos de: reingreso ao servizo activo, remoción, cesamento ou supresión do posto de traballo, modificación substancial das condicións de traballo, readscrición de posto, redistribución de efectivos, cambio de localidade ou incorporación a unha nova categoría por capacitación (de acordo co establecido no punto sexto do acordo de promoción interna asinado o 8 de febreiro de 2002).

O requisito de permanencia de dous anos só é aplicable para volver a concorrer á mesma modalidade de concurso.

1.3 Tamén poderá participar o persoal laboral fixo doutras universidades ou doutras administracións coas que exista convenio de reciprocidade, nas condicións que se establezan nos propios convenios.

SEGUNDA.- POSTOS

2.1 Os postos de traballo que se inclúen nesta convocatoria son os que se detallan no anexo I desta resolución.

TERCEIRA.- SOLICITUDES

3.1 A solicitude para participar neste procedemento realizarase a través do formulario dispoñible no catálogo de procedementos da sede electrónica: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/173/ver.htm>

Xunto coa solicitude, achegarase por quen concurse a aqueles postos que figuren no anexo cun requisito de formación específica, a documentación acreditativa de posuír o dito requisito, agás que xa obre no expediente persoal do/a traballador/a; neste caso non será necesario achegalo.

O persoal que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, poderá solicitar a adaptación dos postos aos que opte e para elo deberán cubrir os apartados correspondentes do anexo II, e acompañar á solicitude de participación no concurso, un informe expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e da compatibilidade co desempeño das funcións que teñan atribuídos os postos solicitados.

3.2 O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico.

3.3 Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase no taboleiro electrónico da USC e na páxina web (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/provision/laboral>) unha listaxe provisional, na que figurarán as persoas aspirantes admitidas cos postos aos que optan así como as excluídas. Contra a exclusión poderase presentar emendas a través do formulario dispoñible no lugar indicado no punto 3.1 nun prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita listaxe.

3.4 Finalizado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión, publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior, a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

CUARTA.- MÉRITOS

4.1 O Servizo de Xestión de Persoal expedirá de oficio, certificado acreditativo dos datos que figuren nos expedientes das persoas solicitantes, engadindo o mesmo á solicitude presentada pola persoa aspirante.

4.2 As persoas aspirantes procedentes doutras universidades ou administracións deberán achegar no prazo de presentación de solicitudes, o certificado acreditativo dos méritos para a súa valoración no presente concurso.

4.3 Todos os requisitos e méritos estarán referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

QUINTA.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS

5.1 A valoración dos méritos para a adxudicación de postos de traballo, efectuarase conforme ao seguinte baremo:

- a) 0,025 puntos por cada día de antigüidade na categoría e, de ser o caso, na especialidade na USC, ata un máximo de 180 puntos. A estes efectos recoñecerase a equivalencia de categorías anteriores ao 2002 segundo o establecido no anexo I do Convenio Colectivo do PAS laboral da USC de abril de 2002. Os posibles empates dirimiranse aplicando, nesta orde, os seguintes criterios: antigüidade na administración, e de persistir este, a maior idade.
- b) O persoal capacitado noutras categorías ou especialidades da categoría, que desexa obter un posto neste concurso e incorporarse así a unha nova categoría ou especialidade,

ordenarase pola maior antigüidade do procedemento de capacitación, entendida esta pola data en que se convocou, dirimíndose, no caso de que exista empate, polo número de orde obtido no procedemento selectivo.

- c) Existindo para un mesmo posto, solicitudes de persoas interesadas que optan polo regulado na letra a) e outras que o fagan polo regulado na letra b), terán sempre preferencia para a adxudicación do posto, aquelas que posúan puntuación na categoría ou especialidade do apartado a).

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Os méritos serán valorados por unha Comisión que estará integrada polos seguintes membros:

TITULARES:

Presidenta: Maruxa Casal Reyes, persoal directivo profesional da Universidade de Santiago de Compostela..

Vogais:

- Luisa Ferreiro Couselo, funcionaria de carreira da escala administrativa da Universidade de Santiago de Compostela.
- José Ángel Díaz Pérez, persoal laboral fixo do grupo III da Universidade de Santiago de Compostela
- Sandra Barca Bravo, persoal laboral fixo do grupo II da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretario: José Manuel Caamaño Jerez, funcionario de carreira da escala administrativa da Universidade de Santiago de Compostela, que actuará con voz e voto.

SUPLENTES:

Presidenta: Silvia María Moreira Figueiras, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

- Félix Navaza Aller, funcionario de carreira da escala de xestión da Universidade de Santiago de Compostela.
- Pilar Riveiro López, persoal laboral fixo do grupo II da Universidade de Santiago de Compostela.
- José Antonio Burés Liñares, persoal laboral fixo do grupo I da Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaria: María del Carmen Moreira Figueiras, funcionaria de carreira da escala administrativa da Universidade de Santiago de Compostela, que actuará con voz e voto.

A Comisión de Avaliación terá a categoría segunda das recollidas no Regulamento de indemnizacións por razón de servizo aprobado polo Consello de Goberno do 29.12.2020.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO E TOMA DE POSESIÓN

Rematado o prazo de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para os/as concursantes e os destinos adxudicados serán irrenunciabes, agás que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión.

A orde de prioridade para a adxudicación dos postos virá determinada polo disposto na base quinta.

Finalizado o proceso de valoración de méritos, a Comisión de Avaliación publicará nos lugares indicados na base 3.3, a proposta de adxudicación con indicación do código do posto, fronte á que as persoas interesadas poderán formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación.

Rematado o prazo de reclamacións sen terse presentado ningunha, ou unha vez que se resolveron, a Comisión elevará a definitiva a proposta de adxudicación de postos.

Para a toma de posesión dos novos destinos, a xerencia ditará a correspondente resolución.

OITAVA.- IMPUGNACIÓNS

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda no Xulgado do Social no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ó abeiro do artigo 69 da Lei 36/2011 reguladora da Xurisdición Social.

Non obstante poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou ó abeiro do art. 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O xerente,
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/01/2025 09:20:54.

CSV: 0FD8-72B6-4E58-AD54